



PLAN DIXITAL

CEIP DE VITE I

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. *Introdución*

1.1. *Datos básicos do centro*

- *Nome do centro: CEIP de Vite I.*
- *Dirección: Avda. Burgo das Nacións, s/n.*
- *Correo: ceip.vite1@edu.xunta.gal*
- *Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvite1/>*
- *Etapas educativas: 2º ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria.*
- *Nº de alumnado: 207.*
- *Nº de profesores: 27*

1.2. *Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro*

- *O CEIP de Vite I é un centro público que oferta os dous primeiros niveis de ensinanza: Educación Infantil e Primaria.*
- *O alumnado matriculado no noso centro procede principalmente das zonas de influencia do colexio.*
- *As características socioeconómicas e culturais do contexto do noso centro podemos dicir que son medio baixas. O poder adquisitivo da maioría das familias é medio, así como o seu bagaxe cultural. O centro está na zona norte de Santiago de Compostela, no barrio de Vite.*
- *Os centros educativos vémonos na obriga de dar resposta ás necesidades e demandas da sociedade e do mercado laboral cada vez máis dixitalizado. Debido a esta demanda o CEIP de Vite I, sen esquecer as demais competencias básicas, debe dar respostas a esta necesidade e demanda da sociedade co fin de formar cidadáns do futuro competentemente preparados para desenvolverse nunha contorna dixitalizada. O uso da tecnoloxía na práctica diaria que ten lugar na organización escolar, tanto nas cuestións organizativas coma nas propias dos procesos de ensino aprendizaxe é xa ineludible. A Educación é un recurso fundamental para asegurar a igualdade social, a promoción das persoas e a mellora das condicións de vida de Comunidades e persoas. Así, a Estratexia Europa 2020 recoñece a necesidade dunha transformación dos Sistemas de Educación e Formación que garanta a adquisición de competencias dixitais, que á súa vez permitan aproveitar as oportunidades. Por outra banda, a organización educativa ten a necesidade de revisar a súa estratexia co obxectivo de mellorar a súa capacidade para promover a Innovación e sacar o*

máximo partido das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) e dos recursos educativos dixitais.

Co Plan Dixital de Centro (PDC) pretendemos:

- *Avaliar a situación do CEIP de Vite I en relación ao uso da Innovación e as TIC nos distintos elementos crave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes e así, deseñar e emprender un proceso de transformación no propio centro.*
 - *Recoñecer o Plan Dixital Anual como un recurso crave para a planificación da estratexia dixital da nosa organización educativa.*
 - *Transformar o CEIP de Vite I nunha organización acorde ás demandas da sociedade que aprende se somos unha organización dixitalmente competente.*
 - *Desenvolver unha cultura dixital no centro dentro da implicación das organizacións escolares.*
- *Este PDC pretende evidenciar a nosa forma de traballar con tecnoloxía dixital, recoller as estratexias, a organización dos recursos e os procesos de ensinanza aprendizaxe necesarios para conseguir un óptimo desenvolvemento da competencia dixital da nosa Comunidade Educativa e do alumnado, contribuíndo desta forma a súa formación integral. Polo tanto, o CEIP de Vite I incorporará o PDC aos documentos oficiais do centro, contribuíndo a que a Programación Xeral Anual do curso 2022/2023 recolla como un dos seus obxectivos o fomento do uso das novas tecnoloxías, dotando ao alumnado da capacidade de utilizalas e de aprender a través delas. Este obxectivo favorece a consecución dunha formación integral do alumnado, finalidade mesma da educación.*

1.3. Breve xustificación do mesmo

- *O PDC é un instrumento de planificación que debe estar integrado no Proxecto Educativo, segundo recolle a LOMLOE no seu artigo único. Modificación da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, punto 62, apartado 1 "O proxecto educativo do centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.", co fin de desenvolver a competencia dixital da comunidade educativa, promover a innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación, e dos recursos educativos dixitais.*
- *Este plan debe construírse ca participación de todos os sectores da Comunidade Educativa de modo que se converta nun proxecto compartido. De igual modo, conforme a disposición adicional décima da mencionada lei, o Plan de Continxencia para situacións de emerxencia conterá as medidas que garanten a competencia dixital do alumnado e profesorado, reducindo no posible as fendas dixitais de acceso e uso, e as previsións para a revisión dos elementos do currículo e das programacións didácticas centradas nos aspectos máis competenciais do mesmo.*

- *Durante o presente curso 2021/2022 cada centro educativo debemos elaborar o noso Plan Dixital, segundo as instrucións que se nos ditan, tal e como recolle a Resolución do 17 de xuño de 2021 na súa disposición adicional quinta da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, na Resolución do 18 de xuño de 2021 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021/2022 e, na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

- *Novembro de 2021, a Xunta de Galicia pon en marcha a Rede DixitalGal, constituíndo equipos de Apoio Dixital aos centros (ADIX). Cada equipo está formado por 3 mentores que son os encargados de apoiar aos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no deseño, elaboración, dinamización e desenvolvemento do seu Plan Dixital.*
- *Seguindo as instrucións da [Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional](#), pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do **Plan Dixital nos centros docentes** sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, o equipo de dinamización do Plan Dixital está formado por 3 persoas: a Directora (como Coordinadora), a Xefa de Estudos e a Secretaria.*
- *Seguindo a cronoloxía establecida pola Administración, no mes de decembro do 2021 fíxose o SELFIE, cunha participación do (3/3) 100% do equipo directivo, o (15/16) 94% do profesorado e o (44/49) 90% do alumnado.*
- *En febreiro de 2022 realizouse o Test CDD tendo unha participación do (20/29) 69% do profesorado.*
- *Marzo do 2022 levouse a cabo o DAFO.*
- *Entre abril e maio deseñouse o Plan de Acción.*
- *Finalmente en xuño, redactase o Plan Dixital de Centro.*

Salientar que foi todo un reto para o equipo de dinamización do Plan Dixital, concienciar e animar o resto do profesorado da importancia da súa participación para acadar un Plan Dixital realista, eficaz e transformador.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CEIP de Vite I é un edificio que se inaugurou a finais dos 80. Trátase dun recinto escolar que conta cun amplo espazo exterior con herba, árbores, horto, pista, 3 zonas de xogo, 1 patio cuberto e 1 pavillón polideportivo (pertencente ao Concello); un edificio de tres andares e baixo que consta dos seguintes espazos: 1 conserxería, 8 almacéns, 1 cuarto de limpeza, 1 salón de actos, 1 sala de caldeira, 1 ludoteca que fai á vez de espazo de reunión da AMPA, 14 aseos, 1 espazo destinado a uso do comedor escolar e servizo de madrugadores, 1 sala de Racks, 1 biblioteca, 4 despachos, 1 sala de persoal, 3 aulas de infantil, 2 aulas desdobres infantil, 1 aula de psicomotricidade, 6 aulas de especialistas, 10 aulas de primaria, 1 laboratorio aula de robótica, 1 aula cociña e plástica, 1 aula multisensorial, 1 aula de audiovisuais e 1 aula de informática, 2 escaleiras (unha delas - Escaleira A – de acceso ao último andar) e 1 ascensor.

O CEIP de Vite I é un centro que ofrece grandes posibilidades de organización segundo as actuais demandas da sociedade non só pola gran implicación do persoal que traballa nel senón tamén pola posibilidade de reutilización e adecuación dos espazos dos que dispón.

*En todas as aulas dispónse de PDI e ordenador de sobremesa, a aula de informática ten 8 postos con conexión a internet. Por outra banda dispoñemos de dous armarios con ultraportátiles para o alumnado de 6º de primaria, que provén do extinto proxecto Abalar. Ademais, o centro mercara en anos anteriores 7 l pads para compartir entre as clases que as precisan, principalmente na etapa de Primaria. Tamén ao longo do curso 2020/2021 recibimos kits (ordenador portátil acompañado dun router de conexión a Internet sen fíos) co obxecto de ser prestados a **estudantes en situación de risco de fenda social tecnolóxica** e así garantir a igualdade nas condicións de acceso a Internet do alumnado galego.*

Todos os dispositivos do centro están conectados a VPN da Xunta de Galicia.

O enlace á nosa páxina web de centro é <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvite1/>.

Temos acceso a Aula Virtual Moodle e a rede Abalar Móbil por parte do profesorado, alumnado e familias. Progresivamente incrementouse o número de familias que interactúan a través destes medios; especialmente desde a pandemia.

O mantemento dos equipos informáticos é realizado pola coordinadora do Plan Dixital, que resolve as incidencias que se producen na medida das súas posibilidades. Tamén contamos cun servizo técnico contratado que resolve avarías que presentan os equipos e provenos de repostos. Por outra banda, acudimos aos

responsables de informática da UAC e AMTEGA para resolver dúbidas e obter asesoramento.

O vindeiro curso 2022/2023 o centro implementará o programa EDIXGAL en 5º de primaria, neste enlace temos información <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvite1/node/552>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A Comisión Europea desenvolveu a ferramenta gratuíta de autoavaliación SELFIE, que lles axuda aos centros escolares a integrar as tecnoloxías dixitais na docencia, a aprendizaxe e a avaliación.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	<i>Equipo</i>	2.4				
	<i>Profesorad</i>	2.7				
	<i>Alumnado</i>					
B- Colaboración e redes	<i>Equipo</i>	2.6				
	<i>Profesorad</i>	2.8				
	<i>Alumnado</i>	3.6				
C- Infraestruturas e Equipos	<i>Equipo</i>	2.4				
	<i>Profesorad</i>	2.9				
	<i>Alumnado</i>	4				
D- Desenvolvemento	<i>Equipo</i>	4				
	<i>Profesorad</i>	3.5				
	<i>Alumnado</i>					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	<i>Equipo</i>	3.8				
	<i>Profesorad</i>	3.7				
	<i>Alumnado</i>					
F- Pedagogía: Implementación	<i>Equipo</i>	2.9				
	<i>Profesorad</i>	3.4				
	<i>Alumnado</i>	3.7				
G- Prácticas de avaliación	<i>Equipo</i>	1.9				
	<i>Profesorad</i>	2.8				
	<i>Alumnado</i>					
H- Competencias dixitais do	<i>Equipo</i>	3				
	<i>Profesorad</i>	3.2				
	<i>Alumnado</i>	3.9				

1.1. Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	10	13	76,9%
PROVISIONAL	3	5	60%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	3	6	50%
OUTROS	3	4	75%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
62,2%	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	51,5	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	63,9	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	10%
A2	13	65%
B1	3	15%
B2	2	10%
TOTAL	20	100%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, o Test CDD e outras fontes, como o coñecemento do funcionamento interno do colexio; o centro xerou unha análise DAFO que permite tomar conciencia da súa realidade no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

	INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS EQUIPAMENTO	C3. Acceso a Internet. C5. Asistencia técnica. C7. Protección de datos. C8. Dispositivos dixitais.	
	PERSOAL DOCENTE	A3. Novas modalidades de ensino aprendizaxe. D2. Participación en formación. E1. Recursos educativos en liña. E4. Comunicación ca Comunidade Educativa.	B1 Avaliación do progreso. B3 Colaboracións. D3 Intercambio de experiencias. E2 Creación de recursos dixitais. E3 Emprego de EVA. F6 Proxectos. G1 Avaliación das capacidades. G3 Retroalimentación axeitada. G5 Autorreflexión.
	ALUMNADO	C8. Dispositivos dixitais para o aprendizaxe.	H4 Verificar a calidade da información. H7 Creación de contidos dixitais. H8 Aprender a comunicarse.
	FAMILIAS	E4. Comunicación ca Comunidade Educativa.	
	OFERTA	A3. Novas modalidades de ensino.	
	ORGANIZACIÓN	E4. Comunicación ca Comunidade Educativa.	A1 Estratexia dixital.

DO CENTRO		C7. Protección de datos.	A2 Desenvolvemento da estratexia co profesorado. B1 Avaliación do progreso.
EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	C2 Dispositivos dixitais. C3 Acceso a internet. <ul style="list-style-type: none"> Boa oferta de actividades formativas. Administración educativa. 	<ul style="list-style-type: none"> Profesorado sen tempo para investigar metodoloxías con tecnoloxía dixital.
	LEXISLACIÓN		<ul style="list-style-type: none"> Constante modificación do Currículo.
	CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> Alumnado con dispositivos dixitais. Ofertas educativas. 	<ul style="list-style-type: none"> Centros educativos pretos de nós.
	ANPA	<ul style="list-style-type: none"> ANPA implicada. 	
	OUTRAS ENTIDADES	B3 Colaboracións.	<ul style="list-style-type: none"> Lentitude do Concello no mantemento das infraestruturas.

3. Plan de Acción

A posta en marcha das accións que se levarán a cabo estarán supeditadas ás necesidades detectadas na enquisa SELFIE, Test CDD, DAFO e á análise dos recursos, tanto materiais como humanos, dispoñibles no CEIP de Vite I (segundo a dotación tecnolóxica, a conectividade, as plataformas e servizos dixitais e, o mantemento necesario, entre outros). Partindo deste mapa de diagnóstico integral, fixéronse os obxectivos neste plan que serán revisados cada ano.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

O DAFO consiste na organización da información obtida a partir da análise da situación real (SELFIE) nunha táboa de dobre entrada que sitúa dita información en función das limitacións (Debilidades e Ameazas) e as potencialidades (Fortalezas e Oportunidades). A través da análise obxectiva desas catro variables (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades) poderemos determinar con exactitude o plan estratéxico máis adecuado para o noso obxectivo.

Os pasos seguidos foron os seguintes:

1º) Análise / Diagnóstico do Centro.

- Análise Interna (Debilidades / Fortalezas)*
- Análise Externa (Ameazas / Oportunidades)*

2º) Confección da Matriz DAFO.

3º) Determinación da estratexia para empregar.

4º) Toma de decisións.

- Consolidar os puntos fortes.*
- Minimizar os puntos débiles.*

Os obxectivos elixidos tratamos que foran específicos e concretos, medibles, alcanzables, realistas e definidos no tempo (SMART).

Dende o equipo de dinamización do Plan Dixital de Centro (Equipo Directivo), o claustro, os recursos cos que actualmente contamos e as carencias dixitais do profesorado, propuxemos os seguintes obxectivos, centrados sobre todo na promoción do uso dos Entornos Virtuais de Aprendizaxe.

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

É preciso renovar o equipamento informático da maioría das aulas pois os ordenadores e portátiles teñen xa moitos anos e as súas prestacións son reducidas.

A finalidade destas accións, moi necesarias, sería continuar o proceso de dixitalización e de acceso a contidos dentro das aulas. O seu uso deficiente provoca unha frustración constante no profesorado e no alumnado por ralentizar os traballos de aula.

Área/s de mellora": A. Liderado

OBXECTIVO (1):	Establecer un equipo de docente (EPDC) para a elaboración, xestión e seguimento do Plan Dixital de centro (PDC) (*A2: Desenrolo da estratexia dixital co profesorado)	Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo.	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de persoas implicadas no EPD		
Valor de partida (3)	Só o equipo directivo		
Valor previsto e data (4)	10% do claustro de profesores/as	31/12/2022	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Reunión do claustro e CCP para explicar a importancia do PDC	Equipo directivo	Outubro	Convocatoria de claustro Acta Lexislación Convocatoria de CCP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Reunión dos membros do PDC para establecer as pautas para levar a cabo o PDC.	Equipo de Plan Dixital	Novembro	Aula de reunións Pc Acta		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Trasladar as pautas establecidas os coordinadores de ciclo na CCP.	Equipo do Plan Dixital	Decembro	Aula de reunións Acta		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Reunión do EPD cos coordinadores de ciclo para ver aportacións e dificultades	Equipo do Plan Dixital Coordinadores de ciclo	Trimestral	Aula de reunións Acta		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": C. Infraestruturas e equipamentos

OBXECTIVO (1):	Actualizar os dispositivos dixitais das aulas do profesorado (*C2 Dispositivos dixitais para o ensino)	Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TIC	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de equipos con hardware anterior a 2014 actualizados		
Valor de partida (3)	0% de equipos do profesorado con hardware anterior a 2014 actualizados		
Valor previsto e data (4)	75% de equipos do profesorado con hardware anterior a 2014 actualizados	31/01/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1:Determinar as necesidades de cada equipo das aulas	Coordinador TIC	31/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2:Solicitar e instalar discos duros sólidos e ampliar a memoria dos equipos mías obsoletos.	Coordinador TIC Secretaria/o do centro	31/01/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": E. Pedagogía: Apoios e recursos						
OBXECTIVO (1):	Emprego da plataforma Edixgal nos cursos 5º e 6º primaria (*E3: Emprego de EVA)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de profesorado de 5º e 6º está capacitado para impartir clase usando Edixgal					
Valor de partida (3)	10% Do profesorado de 5º e 6º está capacitado para impartir docencia con Edixgal					
Valor previsto e data (4)	100% Do profesorado de 5º e 6º está capacitado para impartir docencia con Edixgal				31/10/2022	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Solicitar o CAFI un PFPP sobre EDixgal	Dirección	15/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Publicitar o curso entre o profesorado, especialmente para os de 5º e 6º	Dirección Coordinador TIC	30/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Matriculación do profesorado	Dirección Administrador da AV do Centro	15/10/2022	Internet Aula con ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.4: Asistencia ao curso	Dirección Coordinador TIC	Tempo de duración do curso	Internet Aula con ordenadores Acta		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": E. Pedagogía: apoios e recursos						
OBXECTIVO (1):	Crear dunha comunidade educativa en Agueiro para potenciar o traballo colaborativo (*E3 Emprego de entornas virtuais de aprendizaxe)				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de docentes que usan Agueiro					
Valor de partida (3)	0% do profesorado usa Agueiro					
Valor previsto e data (4)	40% do profesorado usa Agueiro				30/06/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A04.1: Solicitar dende o centro, dispoñer dunha comunidade educativa propia en Agueiro.	Dirección	31/10/2022	Rede Agueiro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Solicitar o CAFI formación sobre Agueiro	Dirección	30/10/2022	Rede Agueiro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Matriculación do profesorado e alumando unha vez creada a comunidade educativa	Profesorado	30/11/2022	Rede Agueiro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.4: Formar o alumnado nos rudimentos básicos da rede Agueiro (dúas sesións)	Persoas titoras de cada grupo	20/12/2022	Rede Agueiro Aula con pantalla dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). *Recoméndase que estes obxectivos sexan:*
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

(9) VALORACIÓN DA ACCIÓN: *No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.*

(10) ESTADO: *Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento*

4. Avaliación do plan

A actualización periódica e constante dos contidos e dos recursos informáticos dispoñibles é totalmente necesaria dada a rapidez dos cambios que sofren as aplicacións, ferramentas ou dispositivos. Debido a isto, trimestralmente avaliarase o estado de execución das accións e tamén analizaranse e valoraranse os resultados obtidos e, de ser o caso, propóranse modificacións das accións e as propostas de mellora, para axustar á realidade todos os factores indicados anteriormente que están en permanente evolución.

Anualmente farase unha valoración, seguimento e revisión da integración das tecnoloxías dixitais no ensino aprendizaxe no centro; avaliando o grao de consecución dos obxectivos propostos no presente PDC e a adecuación das actividades realizadas. Terase en conta as aportacións dos equipos docentes interniveis e as propostas de mellora aportadas, que servirán como punto de partida para a actualización deste Plan de cara ao seguinte curso.

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan Dixital de Centro, procederase a darlle a maior difusión entre a comunidade educativa utilizando para este fin a páxina web do centro e o AbalarMóbil, sen prexuízo de facer un claustro monográfico a principios de curso para promover e resaltar a importancia da colaboración da comunidade educativa no desenvolvemento do PDC.

O PDC formará parte da documentación oficial do CEIP de Vite I é dicir, do Proxecto Educativo, do Proxecto de Dirección e do Plan Xeral Anual.